



TRANSPORTE ESCOLAR

TRAMITACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE TRANSPORTE
ESCOLAR PARA O CURSO 2016 - 2017.

BANDO

De conformidade có disposto no artº 3 da “Ordenanza Municipal Reguladora do Transporte Regular Especial de Uso Escolar”, aprobada inicialmente polo Pleno Municipal en data 10 de abril de 1992 e, definitivamente polo Pleno Municipal en sesión de 11 de setembro de 1992, recórdase aos titulares das empresas de vehículos adicadas á realización do servizo de transporte escolar dentro do casco urbano, **que antes do comenzo do vindeiro curso 2016 - 2017 (setembro 2016), deberán dispor de dita AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.**

Para elo e a fin de poder tramitar tódalas autorizacións antes do comenzo do vindeiro curso, concédese **un prazo de (10) DEZ DIAS** para que presenten no Rexistro Xeral do Concello, as correspondentes solicitudes cos documentos esixidos no citado artº 3 da Ordenanza, e demais lexislación de aplicación, documentación que é a seguinte:

I.- Instancia dirixida ó lltmo. Sr. Alcalde de Vigo, cos seguintes datos:

- Datos identificativos do propietario dos vehículos (razón social).
- Relación de centros escolares para os que se desexe prestar o servizo.
- Relación de vehículos que, con carácter principal ou suplente, se pretendan adicar á prestación do servizo, con indicación de marca, número de bastidor e matrícula de cada un dos vehículos obxecto de solicitude e permiso de circulación dos vehículos a nome do solicitante da autorización do transportes, ou título que, segundo o establecido no art. 48.1 do Regulamento de Ordenación do Transporte Terrestre, outorgue a dispoñibilidade sobre este.

II.- Fotocopia compulsada da Tarxeta de Inspección Técnica de Vehículos (ITV), acreditativa de que os vehículos teñen pasadas as revisións regulamentarias e cumpren as prescricións legais vixentes relativas a transporte escolar.

III.- Fotocopia compulsada da Póliza de seguros de responsabilidade civil ilimitada e do seguro complementario e recibos actualizados, polos danos e perxuízos que poidan chegar a sufrir as persoas transportadas, derivados do uso e circulación dos vehículos destinados a esa forma de transporte.





IV.- Certificado da entidade contratante que acredite os itinerarios e paradas a realizar, que haberán de axustarse ás que foron aprobadas e figuran como Anexo I da devandita Ordenanza.

V.- Croquis esquemático nun plano a escala 7:500 (dobrando o formato UNE A-4), onde se identifique o itinerario e as paradas propostas entre as contempladas no Anexo I da "Ordenanza Municipal reguladora do transporte regular especial de uso escolar.

VI.- Declaración xurada da empresa de transportes, asumindo o compromiso da presenza dun acompañante nos vehículos que transporten menores, nos casos que establece o Real Decreto".

O transporte deberá realizarse de conformidade co disposto no Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre Condicións de seguridade no transporte escolar e de cativos, na súa redacción de 6 de setembro de 2006, vixente na data deste Bando.

Poderá substituírse a presentación da Tarxeta de ITV, da póliza de Seguros e do Permiso de circulación de cada vehículo, por un certificado da Delegación de Transportes da Xunta de Galicia, no que se faga constar que os vehículos -relacionando as matrículas- son aptos para realizar servicios de transporte escolar.

Calquera dúbida pode ser consultada no Servizo de Transportes, en horario de 9:00 a 13:30 horas, ou chamando ao Tfo. Nº 986-81-03-53.



Vigo, 30 de Agosto de 2016
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez